

## CRITERIOS CUALIFICACIÓN DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS CURSO 23/24

En cada avaliación realizarase un mínimo de dúas probas escritas cos contidos específicos asociados aos diferentes criterios de avaliación. O 95% da nota da avaliación estará conformado pola media ponderada das probas escritas. En cada proba escrita entrarán todos os contidos anteriores, polo que a ponderación farase de tal forma que a última na que se avalía todos os contidos do curso ata ese momento, terá un valor do 70%. Iso si, todo alumno con cualificación igual ou superior a 5, no último exame, supera a avaliación e o curso ata ese momento. O 5% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes á unidade 13 que estarán asociados a rúbricas e listas de cotexo cos que se avaliarán:

- Os traballos propostos (individuais ou cooperativos)
- O caderno de aula
- As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan
- A observación diaria na aula

A nota final do curso obterase como a media ponderada das tres avaliacións, co seguintes pesos específicos:

1, 2 e 3, respectivamente.

## CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

Cada alumna/o que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala no seguinte exame.

Cada exame recupera o anterior, faise avaliación continua.

O alumnado que non superte a materia na 3ª avaliación realizará a mediados do mes de xuño unha proba final escrita cos contidos traballados ao longo do curso e que terá un valor do 100%.

A esta última proba tamén poderá presentarse o alumnado que queira subir nota.

## CRITERIOS CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN MATERIAS PENDENTES

Para o alumnado que teña a materia pendente de cursos anteriores haberá dúas vías, a primeira baséase na superación da materia do curso. Cada profesor avisará a partir de que exame, servirá tamén para aprobar a do curso anterior.

Ademáis será obxecto dun seguimento mediante actividades propostas para entregar de xeito trimestral coas que se traballará a materia de cara á preparación ás probas escritas específicas, que se realizarán en novembro, febreiro e maio. En todas elas entrará toda a materia, co fin de facilitar ao máximo, se se aproba en calquera das convocatorias a materia quedará superada.